

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 22 DE MAIO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e dous de maio de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as nove

horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 19 de maio de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- ORGANIZACIÓN DA II EDICIÓN DA INICIATIVA MUNICIPAL “SABOR LABREGO RODEIRO 2025” E APROBACIÓN DE BASES

O concelleiro Sr. Lamazares Casero, delegado de Sector Primario, informa á Xunta de Goberno Local da prevista celebración para os vindeiros días 24 e 25 de maio do corrente dunha segunda edición do “Sabor Labrego Rodeiro”, iniciativa municipal que gozou dunha moi favorable acollida na edición celebrada o pasado ano e que se pretende continuar en anos sucesivos

como un escaparate das potencialidades do importante sector agroalimentario de Rodeiro. A programación prevista é similar ao pasado ano, incorporando algunhas novidades como se consignan nas correspondentes Bases.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Organizar a iniciativa municipal “*II Sabor Labrego Rodeiro 2025*” os vindeiros días 24 e 25 de maio do corrente en Rodeiro.

Segundo.- Aprobar a programación confeccionada pola Concellería-Delegada de Sector Primario.

Terceiro.- Aprobar as Bases da iniciativa co contido íntegro que se consigna no anexo ao presente acordo.

Cuarto.- Imputar o gasto que orixine a iniciativa á partida orzamentaria 330/226 do orzamento en vigor, ata un límite global por todos os conceptos de VINTE E OITO MIL EUROS (28.000,00 €), IVE incluído.

Quinto.- Facultar expresamente ao Sr. concelleiro-delgado de Sector Primario para que dispoña as instrucións que resulten necesarias para o mellor desenvolvemento da iniciativa aprobada.

ANEXO

BASES DA II EDICIÓN DO “SABOR LABREGO 2025”

1. OBXECTIVOS

Con Sabor Labrego buscamos poñer en valor e promover as potencialidades do sector agroalimentario. Pretendemos destacar a excelencia das diferentes producións alimentarias de economía social, agroecolóxicas, de pequenas escala, etc. En definitiva, pretendemos poñer o foco en diferentes produtos de calidade diferenciada coa finalidade ampliar a oferta e fomentar o consumo.

Ao mesmo tempo, a produción agroalimentaria e un aliciente turístico a seguir explotando no interior da provincia de Pontevedra. Promover que persoas de outras latitudes se acheguen a Rodeiro para descubrir un entorno produtor de alimentos, alimentos con sabor, granxas diversificadas, proxectos de transformación pode chegar a ser un aliciente para vir visitamos.

Por suposto destacamos a produción de leite e carne de vacún, mais tamén, debemos reforzar outras produción que poden xerar riqueza a nosa localidade como pode ser o mel, castaña, cogomelos, horta, a transformación, o silvopastoreo, etc.

En definitiva, temos un territorio que pode xerar maiores recursos para a economía familiar e dende a administración local queremos traballar no seu impulso e promoción.

Coa finalidade de executar o anteriormente exposto destacamos as numerosas propostas que abranguen a totalidade do ano con charlas, obradoiros, cursos, impulso organizativo en defensa dos recursos alimentarios locais, etc.

2. EXPOSICIÓN DE VACA RUBIA GALEGA.

A Asociación gandeira Rubia Galega do Pais seleccionará 6 animais de Raza Rubia Galega entre a cabana gandeira de Rodeiro que estará exposta nunha carpa na Rúa Gumersindo Areán.

Cada gandería participante na exposición recibirá 2 menús “ Sabor Labrego” e por cada vaca participante 50 €.

Dita exposición celebrarase o día 25 de maio en horario de 12 a 15 horas.

3. RECOÑECEMENTOS GANDEIROS

Ao igual que o ano pasado, teremos un recoñecemento a diferentes gandeiros ou gandeiras que foran os mellores durante o ano 2024 en diferentes categorías.

A selección das granxa premiadas será aportado por Africor Pontevedra.

Categorías:

As 3 mellores granxa con maior extracto seco medio.

As 3 mellores granxas con mellor cualificación media.

Recoñecemento especial como mellor manexador de gando frisón de Rodeiro para Xabi Montes.

4. CATA DE VIÑOS, QUEIXOS E TENREIRA GALEGA SUPREMA.

O sábado 24 de maio a partires das 18h celebrarase una cata de queixos das diferentes denominacións de orixe galegas e viño mencia na carpa sita na Rúa Gumersindo Areán.

Para poder participar nesta cata haberá que reservar praza no teléfono da biblioteca en horario de mañá.

O número de participantes máximo será de 40 persoas.

O prezo por persoa será de 5 €.

5. VENTA DO PIN “SABOR LABREGO”.

Nos diferentes establecementos públicos de hostalería local que participan na II Festa do Chuletón poderán ter a venta a chapa do Sabor Labrego.

Condicionantes:

- O Concello porá a disposición dos locais as pins.
- Cada local terá que pagar ao Concello 1€ por cada pin vendido una vez finalizado o mes de maio.
- Cada hostaleiro/a poderá vender a chapa ata un prezo máximo de 1 €.

6. FESTA DO CHULETÓN

Outra das actividades proxectadas para o 25 de maio e a II Festa do Chuletón na que participan a meirande parte dos locais de hostalería de Rodeiro.

Condicionantes:

- O menú denominase “ Sabor Labrego”
- Debe estar compostos por ensalada, patacas, chuletón de Tenreira Galega Suprema, postre lácteo, viño da casa e auga.

- O peso aproximado do chuletón e de 700 gramos.
- O prezo será de 30€.

Os locais participantes son os que aparecen no cartel adxunto.



3.- ADXUDICACIÓN DE LICENZA DE USO COMÚN ESPECIAL PARA A INSTALACIÓN DE SERVIZO DE BARRA/BAR DURANTE A CELEBRACIÓN DO “II SABOR LABREGO RODEIRO 2025”

De conformidade co disposto por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 14 de maio do corrente, procedeuse á licitación pública dunha licenza de uso común especial para instalación do servizo de barra/bar durante a celebración do “II Sabor Labrego Rodeiro 2025”. Publicouse a correspondente licitación no Perfil do Contratante do Concello en data 15 de maio de 2025.

Durante o prazo de presentación de proposicións, que rematou o día 20 de maio de 2025, recibíuse no Rexistro municipal a seguinte:

- ✓ Eventos Piñeiro S.L. (RE núm. 782, do 20/05/25)

Procedeuse polos servizos técnicos municipais á apertura do sobre coa única proposición presentada, á comprobación dos requisitos esixidos e á valoración da mesma segundo o criterio de adxudicación do prego, co seguinte resultado:

LICITADOR	CIF	PREZO OFERTADO	PUNTOS
EVENTOS PIÑEIRO S.L.	██████████	5.865,00 €	20

Visto o actuado e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar a licenza de uso común especial para a instalación do servizo de barra/bar durante a celebración do “*II Sabor Labrego Rodeiro 2025*”, á sociedade EVENTOS PIÑEIRO S.L., con CIF núm. ██████████ e con domicilio social en Silleda, no prezo de CINCO MIL OITOCENTOS SESENTA E CINCO EUROS (5.865,00 €).

Segundo.- Notificar o presente acordo á adxudicataria.

Terceiro.- Requirir á adxudicataria para que no prazo dun (1) día hábil, e en calquera caso con anterioridade á instalación da barra/bar, acredite ante o Concello a subscrición dun seguro de responsabilidade civil, así como do pago da correspondente prima, nas condicións fixadas na cláusula novena, apartado 3 do Prego de cláusulas.

4.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN NÚM. 5 DA OBRA DE “REFORZO E PAVIMENTACIÓN EN RÚAS E VIAIS DAS PARROQUIAS DO AZ, GUILLAR, SANTA MARIÑA DE PESCOZO, O SALTO, CAMBA, CARBOENTES, ASPERELO E ARNEGO”, INCLUÍDA NO PLAN +PROVINCIA 2024

VISTA pola Xunta de Goberno Local a certificación núm. 5 correspondente á obra de “*Reforzo e pavimentación en rúas e viais das parroquias do Az, Guillar, Santa Mariña de Pescoso, O Salto, Camba, Carboentes, Asperelo e Arnego*”, incluída no Plan Máis Provincia 2024, por

importe de CATORCE MIL NOVECENTOS OITENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (14.982,91 €), por unanimidade ACORDAN:

Primeiro.- Aprobar a certificación da obra asinada pola directora da obra Dona Ana María García Mayo.

Segundo.- Recoñecer a obriga da Administración fronte á sociedade adxudicataria da obra CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS S.L.U., por un importe de 14.982,91 €, con cargo a correspondente partida do orzamento municipal.

Terceiro.- Aprobar a factura núm. OB2025-0132 (FACe), de data 09/05/25, estendida pola adxudicataria polo importe e concepto da certificación que se aproba.

5.- AUTORIZACIÓN PARA A SEGUNDA AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 14 de novembro de 2024, adxudicouse a Dona Leticia Diéguez Alonso, como contrato menor, un contrato de servizos consistente na redacción dun estudo integral da rede viaria municipal, fixándose o prazo de execución en tres meses contados dende a data da dita adxudicación. Con data 13 de febreiro do corrente (RE-E núm. 112), a adxudicataria solicitou unha primeira ampliación no prazo de execución inicialmente concedido, que lle foi concedido por acordo adoptado en data 17/02/25, ata o día 14 de maio de 2025.

A adxudicataria presenta en data 13/05/25 (RE-E núm. 313) unha nova solicitude de ampliación de prazo polas razóns xustificativas que nela se expoñen.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as. Sres./as. concelleiros/as asistentes, considerando xustificadas os motivos expostos e tendo en conta que o novo prazo está dentro da prórroga do prazo de xustificación da subvención outorgada para tal fin pola Agader, acordan

conceder unha segunda ampliación improrrogable, ata o día 18 de xullo do corrente, para a execución do servizo adxudicado.

6.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- FERRODEIRO S.L. 1.328,10 €
Por subministro de pellets para a calefacción da Casa do Concello, s/factura núm. 000929.
- PREVISONOR S.L. 24,00 €
Por recoñecementos médicos de traballadoras municipais, s/factura núm. P25/05/1590 (FACe).
- O RODO, S. COOP. GALEGA 57,05 € E 59,00 €
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC nos meses de marzo e abril de 2025, s/facturas núm. FA – 1151 e FA - 1155.
- MAXIDEZA S.L. 3.418,44 €
Por traballos de reparación do tractor desbrozadora municipal, s/factura núm. 2025 R 000559 (FACe).
- O RODO, S. COOP. GALEGA 94,32 €
Por subministro de combustible a maquinaria municipal no mes de abril de 2025, s/factura núm. FA – 1154.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 949,68 € E 873,57 €
Por subministro de combustible á maquinaria da Mancomunidade nos meses de marzo e abril de 2025, s/facturas núm. FA – 1150 e FA - 1153.
- COSAPLAG S.L.U. 119,06 €
Por analíticas de potabilidade da auga do abastecemento municipal, s/factura núm. 20252021 (FACe).

- QUIVACOLOR S.L. 575,98 €
Por subministro de produtos químicos para limpeza de beirarrúas, s/factura núm. QA/250257 (FACe).
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.391,81 € E 1.167,73 €
Por subministro de combustible aos camións de recollida do lixo nos meses de marzo e abril de 2025, s/facturas núm. FA – 1149 e FA - 1156.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 6.268,96 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de abril de 2025, s/factura núm. 2025/1124 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

- MAXIDEZA S.L. 541,50 €
Por aluguer de desbrozadoras, s/factura núm. 2025 A 001531 (FACe).
- MAXIDEZA S.L. 270,92 €
Por subministro de diverso material, s/factura núm. 2025 A 001727 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo nove horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)